

IES PORTA DA AUGA – RIBADEO

Curso 2006-07

DEPARTAMENTO: XEOGRAFÍA E HISTORIA

PROGRAMACIÓN DE:

Historia e CC.SS.

**EDUCACIÓN
SECUNDARIA
OBRIGATORIA**

CURSO:
4º

Obxectivos xerais:

Acercar o alumno aos coñecementos rudimentarios da hª de España e Universal, facéndolle ver a necesidade de coñecer o pasado como ferramenta de interpretación do presente.

Crear un espírito crítico, e comprender a historia como unha sucesión de feitos que influiron na transformación do mundo.

Comprensión e expresión dos feitos, desenvolvendo a capacidade expresiva, crítica e de relación dos feitos.

Ser capaz de expresar os feitos cun mínimo de coherencia na construción das frases e sen cometer faltas de ortografía graves.

Desenvolver un mínimo de colaboración en equipo a hora de realización de traballos extraordinarios sobre temas de actualidade que se farán ao longo do curso.

Valorar as actitudes de mútuo respecto, tolerancia e convivencia.

Entender a Historia como un todo, onde os feitos quedan contextualizados dentro da súa época e repercuten e épocas posteriores.

Idea sobre a Historia global, onde os acontecementos das outras partes do mundo, repercuten na nosa propia e viceversa.

A historia é algo realizado polos homes e mulleres que viven na sociedade e non só por individualidades.

PRIMEIRA AVALIACIÓN

Contidos: A EUROPA DO ANTIGO REXIME 1. A construción do Estado moderno e os grandes descubrimento. 2. Renacemento e Reforma 3. O Imperio dos Austrias (s. XVI e XVII) 4. O século do Barroco A EPOCA DAS REVOLUCIÓNS 1. O século XVIII	Procedementos: - Descrición dos aspectos económicos e sociais do S.XV - Localización das rutas comerciais - Valoración da política dos Reis Católicos - Análise dun mapa sobre a difusión da Reforma - Identificación de artistas e obras renacentistas - Identificación das distintas conquistas españolas - Análise da evolución da dinastía dos Habsburgo - Análise da evolución do comercio no s.XVII - Identificación do estilo Barroco - Identificación dos pensadores ilustrados - Análise das bases ideolóxicas dunha nova nación : os Estados Unidos	Actitudes: - Interese polas formas de vida pobos precolombinos - Disposición favorable á conservación dos vestigios culturais - Interese polos puntos en común de distintas relixións e culturas - Rexeitamento das discriminacións relixiosas - Interese polas causas da decadencia do Imperio español - Valoración da arte Barroca - Valoración das ideas ilustradas - Conciencia da importancia histórica da “separación de poderes”
---	--	---

SEGUNDA AVALIACIÓN

Contidos: A EPOCA DAS REVOLUCIÓNS 2. Liberalismo e Nacionalismo 3. A industrialización das sociedades europeas 4. A España do século XIX: o rexime liberal 5. Industrialización e sociedade na España do XIX A EPOCA DAS GRANDES TENSIONES INTERNACIONAIS 1. A época dos imperialismos	Procedementos: -Análise da Rv. Francesa como exemplo de rev. Burguesa - Definición dos conceptos: <i>Liberalismo</i>, <i>Nacionalismo</i>, <i>Romanticismo</i> -Explicación da relación: ciencia/técnica/maquinaria - Comparación dos postulados do anarquismo, marxismo etc.-. -Cadro cronolóxico coas fases da rev. Liberal en España -Análise posturas liberais progresistas-moderadas - Localización dos focos industrializados en España - Observación do desenvolvemento do mov. Obreiro -Interpretación dun mapa dos grandes imperios coloniais - Análise das causas profundas e coxunturas da 1ª G.M. - Análise das consecuencias	Actitudes: -Cociencia da importancia histórica da caída do Antigo Réxime - Interese por coñecer os cambios experimentados pola sociedade europea como consecuencia da REV. Ind. - Reflexión polas inxustizas sociais e laborais no s. XIX - Interese pola historia de España do s. XIX - Conciencia da importancia da tardía industrialización en España. - Comprensión da importancia do fenómeno colonial - Toma de conciencia sobre a importancia das consecuencias dunha guerra mundial - Valoración da busca de solucións pacíficas dun conflito
--	---	--

TERCEIRA AVALIACIÓN

Contidos: A EPOCA DAS GRANDES TENSIÓNS INTERNACIONAIS 2. O período de entreguerras (1919-39) 3. Tempos de confrontación en España (1902-39) DUN MUNDO BIPOLAR Á DESAPARICIÓN DOS BLOQUES 1. A II Guerra Mundial e as súas consecuencias (1939-90) 2. Un mundo bipolar 3. O mundo actual	Procedementos: - Análise das causas do proceso revolucionario ruso - Identificación das grandes potencias industriais en 1929 - - Identificación das características dos fascismos - -análise da arte do período de entreguerras - Análise da Restauración española e a súa lonmga crise - Análise da II República e os problemas ós que tivo que facer fronte - Explicación das causas da guerra civil - - Análise caudas da 2ª G. M. - Descrición dos cambios territoriais no mapa de Europa - Análise das consecuencias da 2ª G.M. - Definición dos conceptos: guerra frís, Terceiro Mundo, neocolonialismo - Análise dos factores que explican a supremacía dos EE.UU. - Coñecemento do proceso de construción da U:E - Localización das zonas de influencia americana e soviética -	Actitudes: - Valoración da importancia histórica da rev. Rusa e posterior difusión do comunismo - Recoñecemento dos conflitos esenciais do sXX para entender o mundo actual - Rexeitamento de calquera tipo de totalitarismo - Interese por coñecer os aspectos que conduciron a unha guerra civil - Actitude de rexeitamento polos conflitos en xeral, e polo civís en particular - Obxetividade na análise de dúas posturas distintas - Interese por buscar as causas de determinados conflitos - Interese por coñecer e acepta-los erros históricos para evitar que se repitan - Valoración das organizacións internacionais que se encargan de evita-los conflitos - Atención polo proceso que configura a U.E. - Sensibilidade ante os conflitos actuais - Tolerancia ante as distintas opinións ideolóxicas
---	---	---

AVALIACIÓN (CRITERIOS, PROCEDIMENTOS, SISTEMA DE CALIFICACIÓN)

Ter ao día os traballos, apuntes etc. da asignatura onde consten os esquemas e resúmenes feitos polo profesor na clase e os traballos, textos, comentarios feitos polo alumno ó longo do curso

Os apuntes poderán ser requiridos polo profesor en calquera momento, e da súa actualización correcta ou mala confección dependerá a nota que poña o profesor que será a súa vez complementaria da nota de avaliación.

Así mesmo a realización das tarefas suplementarias e a entrega dos traballos nas datas fixadas como a participación na clase valoraranse positivamente por parte do profesor. Os traballos só se admitirán no prazo previsto, no caso dunha xustificación admitida polo profesor concederanse 24 horas máis

Actitudes de respecto e colaboración.

SISTEMA DE CALIFICACIÓN- Os exames calificaranse con nota que abarque desde o Ins. ata o Sobr. podendo levar a nota numérica entre paréntese para que o alumno saiba o seu exacto valor.

Calificarase polo conxunto dos criterios anteriormente expostos.

Terase en conta a capacidade expresiva, de síntese e a ortografía e presentación .

Os alumnos recibirán os seus exames corrixis e coa nota posta para que poidan se observados por el e no seu caso reclamar nota en caso de disconformidade. Ditos exames serán devoltos ao profesor que os arquivará ata finais de curso.

Para acadar a nota de Sf. en cada avaliación, será necesario ter en cada unha das probas como mínimo a nota de Sf., de non ser así a nota de avaliación será de In. agás naqueles casos onde o alumno demostrou esforzo durante a avaliación ou curso naqueles aspectos xa citados anteriormente.

Dado que a asignatura ten avaliación continua, non existirán exames de recuperación, e polo tanto na nota de finais de curso terá moito peso a progresión do alumno ao longo do mesmo así coma o seu esforzo. Pode contemplarse un exame final, donde entre toda a materia para alumnos que esten dudosos.

OBJECTIVOS MÍNIMOS PARA ACADAR AVALIACIÓN POSITIVA

Ter superadas todas as probas e mostrar unha evolución progresiva ao longo do curso.

Saber expoñer cun mínimo de coherencia tanto os feitos estudados como os temas de actualidade que se vaian vendo ao longo do curso.

Colaborar nos traballos en equipo que se realicen ao longo do curso e participar na clase na súa exposición .

Ter unha actitude activa na clase e mostrar un mínimo de interese pola asignatura.

Os apuntes da asignatura debe estar ao día e nela deben constar os resúmenes de cada un dos temas e os esquemas dados na clase.

Ser capaz de expoñer os temas ou cuestións da clase cunha linguaxe axeitada á asignatura e cun mínimo de dominio dos conceptos históricos manexados na aula.

Identificar cronoloxicamente os principais eventos históricos da Idade Moderna e empregar un coñecemento básico das mesmas para entender vestixios materiais e visuais característicos.

Recoñecer os rasgos fundamentais da sociedade do Antigo Réxime

Situar cronoloxicamente e coñecer características de obras de arte significativas.

Recoñecer vínculos entre as sociedades modernas e as preindustriais.

Caracterizar e situar cronolóxicamente e xeograficamente as grandes transformacións e conflitos mundiais que tiveron lugar no presente século e aplicar este coñecemento para a comprensión dalgún dos problemas internacionais máis destacados da actualidade.

Analizar o papel de Galicia e España dentro da Comunidade Europea.

Domínio do mapa político de España e de Europa.

SISTEMA DE RECUPERACIÓN DA MATERIA PENDENTE DE CURSOS ANTERIORES

O alumno presentárase nas datas establecidas polo departamento . Haberá dúas convocatorias: 16 de Febreiro e 11 de Maio para os que non superen a primeira

.. Se segue sen superar a materia terá unha nova convocatoria en Setembro de acordo co calendario de exames de Setembro. A materia que entre nos exames será comunicada ó alumno polo profesor correspondente coa suficiente antelación. O profesor entregarálle ó alumno unha guía cos conceptos básicos e imprescindibles que debe preparar

SISTEMA DE AVALIACIÓN EXTRAORDINARIO PARA ALUMNADO CON FALTAS DE ASISTENCIA A CLASE

Exame ao final de cada avaliación da totalidade da materia que entrou até ese momento ou ben ao final de curso da totalidade do programa da asignatura. Ademais debe presentar tódolos traballos feitos polo resto da clase ó longo de todo o curso

SETEMBRO: Exame adecuado ós contidos impartidos